

Estimadas familias:

Está publicada a Normativa de Comedor escolar na páxina web do centro. Bloque esquerdo: **Comedor- Documentación**; así como os **menús** mes a mes.

Os usuarios que deben pagar o uso deste Servizo abonarán o importe mensual nos primeiros 20 días do mes seguinte, e deberán reenviar ao centro o documento xustificativo do pago. Os impresos están habilitados para descargarse no espazo abalar, ou ben enviaremos os documentos polo alumno. Este pago poderá realizarse de diferentes modos:

- Pago telemático nas entidades autorizadas pola Consellería de Facenda (<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confección-impresos>); na Sede Electrónica da Xunta:
Portada - Sede Electrónica - Xunta de Galicia: Trámites- Pago de taxas



A continuación: **Pago de taxas e prezos na Oficina Virtual da Atriga**

Iniciar taxa co Candado aberto.- Picar en **Iniciar taxa**.

Aparece unha pantalla que nos pide os datos da taxa:

- Consellería: **07. Cultura Educación e Universidade**
- Delegación: **A Coruña**
- Servizo: **01. Secretaría**
- Taxa: **Comedores Escolares**
- Obxecto de pago: **Pago correspondente ao mes de.....**
- Datos de pago: **A cantidade que corresponda a cada alumno**

Picar a continuación en **Continuar** . Na seguinte pantalla pedirán os **datos identificativos do pagador** . A continuación Escoller o modo de pago: **Telemático ou descargar o modelo e ir a pagar ao banco**.

O non pagamento do servizo será sancionado coa expulsión del. As contías serán actualizadas ao inicio de cada curso en función das instrucións da Consellería de Educación.

A dirección solicita ás familias que **non desexan o pago telemático** o comuniquen ao correo : comedor@cpiares.com . A partir do vindeiro mes de outubro soamente levarán os impresos as familias que o comuniquen ao correo, xa que os impresos poden obterse do espazo abalar e ao identificarse cun certificado na sede electrónica da Xunta de Galicia; é moi importante reducir o consumo de papel.